

## **Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Oroso polo que se subvencionan as obras necesarias para renovar a rede de abastecemento e saneamento dentro do proxecto de Remodelación da Avenida de Garabanxa. Oroso (A Coruña)**

### **1. Antecedentes**

O Concello de Oroso ten atribuídas competencias en materia de saneamento e abastecemento de auga potable, en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o saneamento e a depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da Comunidade Autónoma.

Neste senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 b)), redes de distribución (artigo 27.2 c)), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2 a)) en relación co artigo 5.1 c)).

Ademais, en materia de prestación do servizo, se atribúe competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c)).



Asemade, os artigos 5.1 a) e 27.1 da citada lei de augas de Galicia, establecen como competencia das entidades locais o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario. Ademais, o artigo 27.2 establece a competencia das entidades locais en materia de elaboración e aprobación de proxectos de obras e execución de infraestruturas cando se trate de obras da súa competencia así como a explotación dos servizos da súa competencia.

A entidade pública Augas de Galicia, creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

## **2. Obxectivos que se pretenden**

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Oroso que permitan ao concello acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras necesarias para renovar a rede de abastecemento e saneamento da Avenida de Garabanxa do Concello de Oroso.

## **3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia**

O Concello de Oroso precisa realizar obras para a remodelación das beirarrúas da Avenida de Garabanxa. As actuacións necesarias para a remodelación desta avenida afectan a varios servizos urbanos, entre eles, a rede de abastecemento e saneamento.



Para a execución das obras referidas o Concello de Oroso solicitou a colaboración da Deputación Provincial da Coruña, mediante a formalización dun convenio no que se instrumente unha encomenda para a contratación e a execución das obras do proxecto “Remodelación na Avenida da Garabanxa”, que inclúe a execución das obras de remodelación das beirarrúas e a renovación da rede de abastecemento e saneamento na avenida da Garabanxa.

Con base no referido convenio a Deputación Provincial da Coruña levará a cabo as actuacións consistentes na contratación das obras, dirección, coordinación da seguridade, control de calidade e a xestión das obras ata completar a súa finalización.

En canto os custos das actuacións, a Deputación Provincial da Coruña financiará a execución da remodelación das beirarrúas da avenida da Garabanxa e o concello de Oroso as actuacións de renovación da rede de abastecemento e saneamento.

O Concello de Oroso solicitou a colaboración financeira de Augas de Galicia para levar a cabo as actuacións de renovación da rede de abastecemento e saneamento da avenida da Garabanxa. Estas obras de acordo co proxecto de “Remodelación na Avenida da Garabanxa” serán as primeiras en executarse e prevese que finalicen no ano 2025.

As obras de renovación da rede de abastecemento e saneamento teñen a consideración de actuacións de interese público xa que o seu obxectivo é garantir a subministración de auga en cantidade e calidade axeitada á poboación e contribuír á consecución do bo estado ecolóxico das augas e dos seus ecosistemas asociados.

Para a consecución dos fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento e de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).



O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia

#### **4. Estimación de custos e financiamento**

O custo total das actuacións do proxecto de obra denominado "Remodelación na Avenida da Garabanxa" ascenden a oitocentos noventa e seis mil cento corenta e tres euros con sesenta e cinco céntimos (896.143,65 €).

Augas de Galicia financiará os gastos relativos á renovación da rede de abastecemento e saneamento da Avenida de Garabanxa do Concello de Oroso do proxecto denominado "Remodelación na avenida de Garabanxa", que ascenden a douscentos sesenta e oito mil cento dez euros con oitenta céntimos (268.110,80 €).

Augas de Galicia non financiará os gastos relativos a coordinación de seguridade e saúde e control da calidade da renovación da rede de abastecemento e saneamento da Avenida da Garabanxa.

Augas de Galicia financiará a súa achega con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital. A corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, na anualidade 2025.



Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 62 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, prevese a posibilidade de que Augas de Galicia realice, sen necesidade de que o concello constitúa garantía, pagos a conta por contía equivalente á xustificación presentada de ata o 100% do gasto subvencionado, en atención a necesidade da realización destas obras para garantir a calidade no subministro de auga e mellorar a rede de saneamento do concello co fin de contribuír ao bo estado ecolóxico das augas.

## 5. Vinculación co Plan estratéxico de Galicia

As actuacións son coherentes co Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 10 de marzo de 2022, ao que se vinculan da seguinte forma:

1. Eixo: E2: Galicia verde e sostible .
2. Prioridade actuación: PA.2.4 Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural.
3. Obxectivo estratéxico: OE 2.4.2 Aumento da resiliencia dos sistemas de abastecemento para garantir aos cidadáns un acceso ao servizo básico de abastecemento, diminuindo as diferenzas territoriais existentes. Mellorar as infraestruturas implicadas en todo o proceso de extracción e distribución, evitando fugas e despilfarros innecesarios, potenciando a eficiencia dos sistemas. Conseguir unha estrutura tarifaria que respecte o principio de recuperación de custes da Directiva Marco da Auga.
4. Obxectivo operativo: OO03-Contribuír técnica e economicamente para garantir un acceso aos servizos básicos de abastecemento dos cidadáns de Galicia, diminuindo os desequilibrios territoriais existentes e buscando unha maior eficacia e eficiencia na execución dos investimentos e na explotación de infraestruturas hidráulicas.
5. Indicadores: PO0153.Actuacións de abastecemento e saneamento e depuración.
6. Unidades de medición: grao de execución estimado no exercicio corrente: 100%.



Plan Estratégico	Planificación de Fondos Europeos	Actividade	Indicador	Fito
OE 2.4.2 Aumento da resiliencia dos sistemas de abastecemento para garantir aos cidadáns un acceso ao servizo básico de abastecemento, diminuíndo as diferenzas territoriais existentes. Mellorar as infraestruturas implicadas en todo o proceso de extracción e distribución, evitando fugas e despilfarros innecesarios, potenciando a eficiencia dos sistemas. Conseguir unha estrutura tarifaria que respecte o principio de recuperación de custes da Directiva Marco da Auga.	FONDOS PROPIOS	Mellora dos servizos de abastecemento e saneamento da Avenida de Garabanxa do Concello de Oroso, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.	PO0153. Actuacións de abastecemento e saneamento e depuración	

## 6. Territorialización do gasto:

Concello: Oroso

## 7. Contribución ós ODS.

DENOMINACION ODS	OBXECTIVO ESPECIFICO	Denominación obxectivo específico
ODS 6. Garantir a dispoñibilidade e a xestión sustentable da auga e o saneamento para todos	6.4	De aquí a 2030, aumentar considerablemente o uso eficiente dos recursos hídricos en todos os sectores e asegurar a sustentabilidade da extracción e o abastecemento de auga doce para facer fronte á escaseza de auga e reducir considerablemente o número de persoas que sofren falta de auga

Consonte ao disposto no artigo 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio contribúe a mellorar a eficiencia da xestión pública, a facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e á realización de actividades de utilidade pública.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director de Augas de Galicia

Roi Fernández Añón

